



A FOLLA DA CGT

Núm. 84 - 19 novembro 2021

Solidariedade coa loita do metal de Cádiz

A loita dos compañeir@s do metal de Cádiz por un convenio xusto está sendo unha inspiración para o conxunto da clase obreira do Estado español. O exemplo de dignidade e determinación é o primeiro que chama a atención: unha folga que empezou sendo de 48 horas e que, ante a prepotencia e o inmovilismo patronais, tornou nunha folga indefinida que xa vai polo 5º día.

Esta folga está demostrando que a loita independente da clase traballadora non só é posible, senón necesaria, se queremos golpear con contundencia ós responsables da crecente miseria e a explotación: os capitalistas. As alianzas localistas (e por tanto interclasistas) non teñen sentido porque a destrución de empregos e dereitos e os salarios de miseria teñen un único responsable: a patronal. Aliarnos con ela só serve para subordinar os intereses dos traballador@s ós dos empresarios.

Temos que romper as dinámicas localistas dunha vez, estendendo e unificando as loitas de Cádiz, a Mariña lucense, as rías de Vigo e Ferrol, e tantas outras zonas do Estado nunha **folga xeral** que esixa dunha vez por todas que a crise a pague o capital. Por separado non temos ningunha oportunidade.

En apoio ós compañeir@s de Cádiz, a **CGT** convoca unha:

CONCENTRACIÓN NA PORTA PRINCIPAL DE NAVANTIA

MARTES 23 ás 10:00 h.

SOLIDARIEDADE COA LOITA DO METAL DE CÁDIZ!



Folga xeral na Mariña: éxito rotundo

Este mércores 17 houbo folga xeral na Mariña contra os continuos ataques que está a sufrir a clase traballadora da comarca. Ó conflito de Alcoa, aínda sen resolver, se lle suma agora o peche de Vestas, outro dos motores industriais da zona.

Os delegad@s da **CGT** en Navantia-Ferrol estivemos presentes en solidariedade coas súas xustas reivindicacións. A súa loita é a nosa.

O paro foi total. As 12 da mañá estaba convocada unha manifestación polas rías de Burela. ¡Máis de 10.000 persoas nunha comarca de pouco máis de 80.000 habitantes! Cun ambiente combativo onde continuamente se cantaban consignas como: "¡A Mariña sálvese loitando!", "¡Se non nos separamos, o ERE ó tombamos!" ou "45 días por fodernos a vida".

Este ambiente de loita é outro reflexo máis do tremendo descontento que existe entre a clase traballadora polas condicións de vida que sufrimos a causa das políticas capitalistas. Recortes de dereitos, despedimentos, paro... Todo con tal de garantir os beneficios duns poucos.

Prazas operarios-empregados

Onte fixo 4 semanas do exame da 1ª fase, e aínda **non** hai listas provisionais de aptos para a 2ª. A nota total será a suma da nota do exame (que estivo lista ó día seguinte) e mailos puntos do baremo.

O xoves pasado, o comité preguntoulle á empresa como estaba a cousa. A resposta foi que estaban baremadas a metade das persoas e que o 50% restante "debería" (*sic*) estalo para o luns desta semana, a fin de publicar as listas o mesmo luns ou o martes.

Ou sexa, 3 semanas para baremar unha metade e 3 días para baremar a outra. Isto dá boa conta da prioridade que lle dá Navantia ós procesos de selección. E o que é bastante peor: xa pasou un mes e os aspirantes seguen esperando.

Despois que non digan que a **CGT** atrasa os procesos de ingreso polas nosas esixencias de transparencia e igualdade de oportunidades para todos e todas. Se da CGT depende, non deixaremos que empresa e maioría sindical mangoneen ó seu gusto.

Acordo de pensións

Esta semana, o Goberno acordou cos sindicatos maioritarios unha suba do 0,6% nas cotizacións sociais durante dez anos. Os empresari@s descólganse porque eles teñen que aportar o 0,5%. Pouca vergoña teñen cando dende 1982 ata 1995 **as cotizacións empresariais baixaron case un 4%** e dende entón ata hoxe están conxeladas, non así os beneficios. Os traballadores imos aportar un 0,1% máis, que pode parecer pouco, pero nun contexto no que os salarios subiron de media un 1,4% mentres o IPC anual vén sendo do 5,5% é outra volta de tuerca no deterioro das nosas condicións de vida.

O acordo non blinda as pensións, que é unha das reivindicacións máis importantes por parte d@s traballador@s e pensionistas, máis ben o contrario, xa que abre o camiño para plans de pensións privados a través das empresas. Segue intacto o proceso para **augmentar a idade de xubilación**, os plans do PP neste senso non se tocaron. Penalízase aínda máis as xubilacións anticipadas voluntarias e non se toma ningunha medida para garantir unha pensión digna para tod@s @s pensionistas, co cal moitas mulleres seguirán tendo unhas pensións vergoñentas. Un fracaso por parte dun goberno de esquerdas.


MODELO ECONÓMICO NEOLIBERAL



A nómina no Periscopio

As nosas nóminas e certificados do IRPF xa son accesibles desde o Periscopio. Ou mellor dito, xa son accesibles para aqueles traballador@s que teñen usuario e acceso a un ordenador, que incrivelmente aínda **non** é todo o cadro de persoal.

Esta dirección, que tódolos meses derrocha cartos en campañas publicitarias para vender unha imaxe de modernidade tecnolóxica, debería priorizar darlle **acceso doado** a un **ordenador** a tódolos **operarios sen el**, que ademais tampouco fican xa tantos.



Contratos precarios

O nivel de temporalidade é abusivo. O que debería facer este Goberno é **prohibila**, agás nalgúns casos xustificadas (cobertura dunha vacante temporal).

Tamén en **Navantia** hai **abusos**. A dirección está a violar o acordo que asinou na Comisión central de Emprego o 30 de abril de 2019, que establece que, con carácter xeral, a temporalidade dos novos ingresos será de **1 ano**.

En Ferrol hai compañeir@s que xa levan ese tempo e non os fixeron fixos. O comité debería considerar **prioritario** solucionar este incumprimento.

Furor contratante

O mes pasado, a empresa prorrogou os contratos **en prácticas** asinados cos antigos estudantes da 2ª promoción da FP Dual.

Unha parte deses estudantes aprobaron nas prazas júnior e ingresaron na empresa en marzo deste ano, asinando o corespondente contrato **por obra ou servizo**. Evidentemente, a sinatura do contrato **por obra** anulou o contrato **en prácticas**, posto que un traballador só pode ter un contrato coa mesma empresa.

Esta semana chegaron as copias básicas das prórrogas, e entre elas aparecen as dos compañeiros cuxos contratos en prácticas xa non existen.

A ver se a empresa demostra o mesmo furor contratante cando empecen as F-110 e **contrata directamente** os traballador@s necesarios para poder construír as fragatas, limitando así unha subcontratación que tanto dano fai.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:

